

ID#582



Malpica - Malpica de Bergantiños, 1980-03

Informante: Sebastián Rois Porto (marineiro, 64)

Compiladora: Dorothe Schubarth

Transcripción: Dorothe Schubarth e Antón Santamarina

187

♩ = 132

Malpica. Marzo 1980.

1) A me- dia- dos de o. tu- bre no Mu- ra de Ma- ri- a. no
hou- bo 'spo- si- ción de bu- rros ce- so que nun- ca 'non- tra- mos
pen- sa- ben os to- ras- tei- ros qu'e- ra a por- ci- sión do mar
e- ra a bu- rra- da que li- ba car' à ill' à tra- ba- llar
2) ...po- los tra- pos do Pri- aín (♩)

variantes estróficas:

1) 2) 4) - 8)
3) 4) - 7) 3) 8)
4) 5)

Ponteceso III, 1, 405. Sebastián 64.

L: 68.

*Transcripción orixinal de Dorothe Schubarth publicada no Cancioneiro Popular Galego, recollido por Dorothe Schubarth e Antón Santamarina, editado pola Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa, no 1984.

A mediados de outubro
no Muro de Mariano
houbo 'sposición de burros
caso que nunca 'ncontramos.

Pensaban os forasteiros
qu'era a porción do mar
era a burrada que iba
car'á Ill' a traballar.

Que misterio tan estraño
nunca 'n Malpica pasou
pero non é cousa 'straña
por ser de quen a inventou.

Qu'asta a burra de Mateo
foi p'os traballos da Illa
e Amalia de Santiso
a mais Francisco de Vilas.

Lucian' a má-lo burro
a mais Inacio de Vilas
Aduardo de Reixía
Miner' e Ramón de Vilas.

Os dous burros de Marina
e San Roque de Seaia
e Manoela de Veigha
quedou pá outra semana.

Benino na súa motora
axudounos a levar
para ver se lle servían
pa levar no vran ó mar.

Qu'era tant'a 'scasedá
que había polas casas
qu'abandonaron motoras
chalanas a mais tarrafas.

Ghracias que veu o Adaro
varar a San Adrián
que trouxo ovos e carne
a mais moletes de pan.

ID#582



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Ó desembarcar no Muro
foi un relagho tan ghrande
que un asta lle quitou
das mans un cacho de carne.

Outras iban pola calle
con moletes por lucir
outras cos ovos nas mans
non se fartaban de rir.

Outra levaba chourizos
que houbo de loquear
decindo qu'eran pró ghato
coméro-nos a cear.

Outra iba pola calle
con un molete de pan
tiña verghonza levá-lo
daballo ó sacristán.

Decindo que llo levase
de paso qu'iba prá casa
e non llo quixo levar
porque xa sab'o que pasa.

Esto foi bo prós da pintura
que fixeron o diñeiro
e vós se queredes máis
ide á borralla ó Saqueiro.

Que cando por carbón andan
de noit'e pola mañán
non sei cómo andarían
polos trapos do Prián.